

Praza número: 24/16002

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Tempo Parcial P04

Área de coñecemento: Ciencias da Computación e a Intelixencia Artificial

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Docencia: 614G03033 Visión por Computador Aplicada; 614G01039 Teoría da Computación; 614G03017 Autómatas e Linguaxes Formais

Centro: Facultade de Informática

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada.

Unha vez que se viu o acordo adoptado pola Comisión de Reclamacións na súa reunión do 23 de abril de 2025, no que ratifica a proposta da Comisión de Selección.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 11 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 7 de novembro de 2024, resolve asignar a referida praza ao concursante **D./D^a. PLÁCIDO FRANCISCO LIZANCOS VIDAL**.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer demanda ante o Xulgado do Social que resulte competente conforme ao establecido nos artigos 6, 10 e 69 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A vicerreitora de Profesorado por delegación do reitor

(RR 10/07/2024)

María Teresa López Fernández



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 23 de abril de 2025, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 24/16002

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Área de coñecemento: Ciencias da Computación e a Intelixencia Artificial

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Docencia: 614G03033 Visión por Computador Aplicada; 614G01039 Teoría da Computación; 614G03017 Autómatas e Linguaxes Formais

Centro: Facultade de Informática

Tras analizar a documentación da praza 24/16002, a reclamación presentada por D. José Francisco Balsa González, o informe do representante do persoal traballador e os informes emitidos pola Comisión de selección, a Comisión de reclamacións, na súa reunión celebrada o día 23 de abril,

ACORDA

_avalar a proposta de baremación e de provisión realizada pola Comisión de selección

_facer público este acordo

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández